

## **PuntoGal e o podcast *Descifrando a Historia* asinan un convenio de colaboración**

**2 de febreiro de 2022** | O presidente de PuntoGal, Manuel González González, e o autor de *Descifrando a Historia*, David Gesteira, asinaron un convenio de colaboración mediante o cal PuntoGal patrocinará o programa en formato podcast sobre historia en galego que se emite cada dúas semanas nas plataformas *iVoox*, *Spotify* e *Pod Galego*.

O espazo *Descifrando a Historia* abrangue temas relacionados coa historia de Galicia e ten por principal obxectivo a divulgación e o coñecemento de feitos relevantes do noso pasado. Entre os temas que tratan figuran a arte e historia galegas, a conservación do noso patrimonio, a emigración, o celtismo, as Irmandades da Fala ou Lei de Memoria Histórica. Polo programa pasaron xa tamén numerosos expertos en distintas áreas, como Ramón Villares, Manuel Gago, Antón Losada, Pilar García Negro ou Xulio Ríos.

PuntoGal patrocina este podcast no marco do seu programa corporativo de apoio a iniciativas relacionadas coa lingua, a cultura, a sociedade ou a tecnoloxía en Galicia. Unha das súas liñas fundamentais é a colaboración con proxectos de creación de contidos en galego en novas plataformas, como son os casos de *Balea Vermella*, *Café Derby* ou *Vinte na rede*, entre outros.

## **PuntoGal y el podcast *Descifrando a Historia* firman un convenio de colaboración**

El presidente de PuntoGal, Manuel González González, y el autor de *Descifrando a Historia*, David Gesteira, firmaron un convenio de colaboración mediante el que PuntoGal patrocinará el programa en formato podcast sobre historia en gallego que se emite cada dos semanas en las plataformas *iVoox*, *Spotify* y *Pod Galego*.

El espacio *Descifrando a Historia* trata temas relacionados con la historia de Galicia y tiene por principal objetivo la divulgación y el conocimiento de hechos relevantes de nuestro pasado. Entre los temas que tratan figuran el arte e historia gallegas, la conservación de nuestro patrimonio, la emigración, el celtismo, as Irmandades da Fala o Ley de Memoria Histórica. Por el programa pasaron ya también numerosos expertos en distintas áreas, como Ramón Villares, Manuel Gago, Antón Losada, Pilar García Negro o Xulio Ríos.



PuntoGal patrocina este podcast en el marco de su programa corporativo de apoyo a iniciativas relacionadas con la lengua, la cultura, la sociedad o la tecnología en Galicia. Una de sus líneas fundamentales es la colaboración con proyectos de creación de contenidos en gallego en nuevas plataformas, como son los casos de *Balea Vermella*, *Café Derby* o *Vintena rede*, entre otros.